

# O SOFTWARE LIBRE NOS CONCELLOS DE GALIZA

# 2008



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Promoción Industrial  
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento  
da Calidade Industrial e  
o Desenvolvemento  
Tecnolóxico de Galicia



**OBSERVATORIO GALEGO**  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

# O SOFTWARE LIBRE NOS CONCELLOS DE GALIZA



OBSERVATORIO GALEGO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

# FICHA TÉCNICA

**Universo:** Todos os concellos galegos de máis de 5.000 habitantes. Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2007, o seu número total ascende a 117.

**Tamaño da mostra:** 100 entrevistas.


**Tipo de mostra:** Polietápica. Nun primeiro momento segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. No número de habitantes diferenciáronse catros estratos. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, derivado de circunstancias específicas do traballo de campo, foi preciso realizar unha ponderación ulterior para o análise dos datos. Nun segundo momento a selección dos concellos foi realizada de maneira aleatoria proporcional, en tanto que os entrevistados foron seleccionados en función da súa maior responsabilidade en materia informática no concello de referencia.

**Erro da mostra:** No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ( $P=Q=0,5$ ) e cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas), o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é de  $\pm 3,8\%$ .

**Tipo de entrevista:** Telefónica asistida por ordenador. Sistema CATI Bellwiew.

**Traballo de campo:** Do 24 de setembro ao 16 de outubro de 2008.

# CONCELLOS CON SOFTWARE LIBRE 2006-2008




Base: Total de concellos.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O 64,6% dos concellos teñen algún tipo de software libre nos seus equipos informáticos, aumentando a súa presenza en 32,6 puntos porcentuais desde 2006. Todos os concellos de máis de 50.000 habitantes teñen software libre, mentres que os concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes e os que teñen de 5.000 a 20.000 habitantes acadan porcentaxes menores, 66,7% e 61,7%, respectivamente.

# APLICACIONES DE SOFTWARE LIBRE EMPREGADAS NOS CONCELLOS. 2008




Base: Total de concellos.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

As aplicacións de software libre máis empregadas son as relacionadas coa ofimática e a navegación por Internet. A continuación destacan as aplicacións relacionadas coa xestión do correo electrónico, a xestión de contidos web e a seguridade.

# NIVEL DE SATISFACCIÓN DOS CONCELLOS CO USO DO SOFTWARE LIBRE 2006-2008




Base: Concellos que usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O nivel de satisfacción co uso do software libre mantívose estable durante os anos 2006 e 2008, obtendo unha puntuación na actualidade de 7,5. A puntuación máis baixa é outorgada polos concellos de máis de 50.000 habitantes.

# PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS CONCELLOS. 2006-2008.




Base: Concellos que usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A maioría dos concellos que usan software libre consideran que o seu uso aumentará nos concellos nos próximos anos. Esta percepción medra con respecto á expresada en 2006, dun 61% pasa a un 68,9%. Ningún concello considera que a presenza do software libre vaia a diminuír.

# MOTIVOS POLOS QUE OS CONCELLOS NON USAN SOFTWARE LIBRE. 2006-2008.




Base: Concellos que non usan software libre.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O descoñecemento ou a falta de información e a complexidade do cambio son os principais motivos sinalados polos concellos para non usar o software libre.

# FORMACIÓN NO ULTIMO ANO AO PERSOAL ENCARGADO DAS ACTIVIDADES INFORMÁTICAS. 2006-2008




Base: Total de concellos.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O 51% dos concellos facilitou formación informática ao persoal encargado desta actividade, unha porcentaxe que se sitúa por riba da acadada en 2007, 42,6%. O 30% dos concellos facilitou formación en software libre aos seus encargados/as, duplicando practicamente a porcentaxe de 2007 e producíndose un aumento moi notable con respecto a 2006 (13%).

# ESTIMACIÓN DA EVOLUCIÓN DO SOFTWARE LIBRE NO MERCADO. 2006-2008.




Base: Total de concellos.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

A gran maioría dos concellos considera que a presenza do software libre no mercado aumentará nos próximos anos. Esta percepción aumentou gradualmente durante o período comprendido entre 2006 e 2008, ao pasar dun 70% a un 87,7%.

# PRINCIPAIS ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NOS CONCELLOS. 2008.




Base: Total de concellos.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

A formación aos usuarios é considerada como a acción máis eficaz á hora de promover o software libre. A continuación, tamén se propoñen as xornadas de divulgación e o asesoramento personalizado.

# CONCELLOS CON PÁXINA WEB. 2006-2008.




Base: Total de concellos.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008. Mancomún. Enquisas 2006 e 2007.

O 91,8% dos concellos teñen páxina web, producíndose un aumento de 9,8 puntos con respecto á porcentaxe de 2006, 82%. A totalidade dos concellos de máis de 20.000 habitantes e o 89,9% dos concellos que teñen entre 5.000 e 20.000 habitantes contan con páxina web.


# DISTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE DOCUMENTOS DE DESCARGA NAS WEBS DOS CONCELLOS.



Base: Concellos con páxinas web que permiten descargas de documentos.  
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

O 86,3% dos documentos susceptibles de ser descargados a través da páxina web dos concellos están editados en estándares abertos. As porcentaxes máis altas acádanse nos concellos de máis de 50.000 habitantes e nos que teñen entre 10.000 e 20.000 habitantes, 97,1% e 94,5%, respectivamente.

# OFERTA E DEMANDA DE SOFTWARE LIBRE NOS CONCELLOS. 2008.



Base: Total de concellos.

Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información. Enquisa 2008.

O 27,3% dos concellos recibiron peticións para que usen o software libre, e a un 17,9% demandáronlles o uso de estándares abertos na edición da documentación. Por outra banda, un 29% dos concellos recibiu ofertas para utilizar o software libre, mentres que a oferta para o uso de estándares abertos sitúase no 12,8%.

# CONCLUSIÓN

- O 64,6% dos concellos teñen teñen software libre. A súa presenza aumentou 32,6 puntos porcentuais durante o período 2006-2008.
- As aplicacións de software libre máis empregadas nos concellos son as relacionadas coa navegación de Internet e a ofimática.
- Os concellos puntúan cun 7,5 a satisfacción obtida polo uso do software libre. Por outra banda, a maioría (68,9%) considera que o seu uso aumentará nos próximos anos, así como a súa presenza no mercado (87,7%).
- O descoñecemento e a complexidade do cambio son as principais causas que aducen os concellos para non usar o software libre.
- Máis da metade dos concellos facilitaron formación informática ao persoal encargado das actividades informáticas e un 30% promoveu a formación en software libre destes traballadores/as.
- A formación en software libre aos usuarios é a principal acción recomendada para promover o seu uso nos concellos.
- O 91,8% dos concellos teñen páxina web. O 86,3% dos documentos susceptibles de ser descargados a través das páxinas web dos concellos están publicados en estándares abertos.
- O 27,3% dos concellos recibiron peticións para que usen software libre nos seus equipos informáticos, en tanto que a un 17,9% lles foi solicitada a publicación de documentación en estándares abertos.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial  
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento  
da Calidade Industrial e  
o Desenvolvemento  
Tecnolóxico de Galicia



**OBSERVATORIO GALEGO**  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

**COLABORA**



**mancomun**

Centro de Referencia e Servizos de Software Libre

